

Emma Couceiro

(Sei que incluso aquí pode prender esta avaricia / este manto de eivas para o meu sustento)

(...)en todo caso,

xa estará abrindo o día en algún lugar do mundo que non sexa éste, alí,

ti estarás espertando, e mirarás para a parte en que rompe o ceo, e seguirás por camiños para min intransitables;

mentres tanto, eu saio á porta, e vexo pasar a luz de todos os días, aprendo de memoria esta desorde, e sei perfectamente o que sinto;

a miña ofensa non foi deliberada;
mais é preferible ser deliberada.

(...quixera achegar a miña terra ás túas mans,/ dicilo así/ e abandonar definitivamente o resto das palabras, pero sei / que incluso aquí prenderá esta avaricia, e de verdade penso en ti // de verdade)